San Sadurniño
patrimonio dun pobo

INTRODUCIÓN

O concello de San Sadurniño está situado ao norte de Galicia, e da provincia da Coruña, dentro da comarca de Ferrolterra. Ten unha superficie de 97'7 km2 e o número de habitantes é de aproximadamente 3500. Limita ao norte cos concellos de Valdoviño e Moeche, ao sur co da Capela, ao leste cos de Moeche e As Somozas, e ao oeste cos de Narón e Neda. Agrupa ás parroquias de San Sadurniño, Naraío, Ferreira, Bardaos, Igrexafeita, Lamas e Monte. A topografía diferencia dúas zonas de relevo distintas, formando o val do río Grande de Xubia. Na maior parte do concello o relevo é suave, con pendentes inferiores ao 30%, destacando algúns outeiros como Pena Escrita, o alto do Golpeiro e o Monte Agudo. No norte, por onde discorre encaixado o río Xubia, e no sur o río Castro, o terreo é máis accidentado, con pendentes superiores ao 30%. A diferencia de cotas entre as zonas máis baixas e máis altas é dunhos 500m (30m. no río Xubia e 534m. no río Castro, sendo precisamente no val do Castro onde se produce a maior diferencia de cotas).

En canto ás actividades económicas, predomina o sector primario, que agrupa ao 35% dos activos ocupados, seguido do secundario, que aumentou dende 1981 un 10% sen que isto signifique un proceso de industrialización, xa que os postos de traballo ofértanse en concellos veciños como As Pontes, Narón ou Ferrol. O sector terciario estase incrementando tamén e hoxe en día ocupa un 29'4% concentrado especialmente na capital. Trátase polo tanto de terras rurais que teñen un gran atractivo ao manter as súas características paisaxísticas tradicionais.

As principais vías de acceso son: Estrada AC-862 de Ferrol-Ortigueira, pola que se chega a Ferrol nuns 20 minutos.

Autovía A-64, Ferrol-Vilalba, principal acceso ó concello.

Tamén se pode chegar en tren, pois existe unha estación de FEVE en Silvalonga (parroquia de San Sadurniño) e un apeadeiro en Lamas.

Existe transporte público por estrada a cargo da empresa Arriva, con 2 rotas: a de Viveiro e a das Pontes.

HISTORIA

Os primeiros restos que podemos atopar no concello pertencen á Idade Antiga, en concreto á epoca castrexa. Entre os castros existentes destacan o de San Sadurniño ou As Croas, o de Riboira e o de Croa do Redo. Os tres están situados aliñadamente, aínda que a distinta altura, nunha ladeira do Monte Rapadoiro, entre as parroquias de Lamas, San Sadurniño e Bardaos. O de As Croas é o máis elevado e nel atopáronse unha fíbula e un gran aro de ouro.

Da Idade Media consérvanse documentos con distintas doazóns coma as de Naraío ao Mosteiro de Xubia ou as de San Sadurniño aos Condes de Traba. En Naraío atópase un castelo que pertenceu a Gonzalo Piñeiro e posteriormente á familia Andrade. Durante a Revolución Irmandiña (1466-69) foi destruído e dende 1609 está deshabitado. Tamén na época medieval erixiuse un hospital e unha igrexa da Orden dos Cabaleiros Templarios na parroquia de San Sadurniño. No século XVI pasou a ser un convento da Orde de

Santo Domingo: o Convento do Rosario. En 1835 produciuse a exclaustración dos frades, facéndose cargo do edificio o cura párroco. No ano 1863 instaláronse as oficinas do concello e do xulgado municipal e as escolas de nenos e nenas con vivendas para ambos mestres.

Durante o Antigo Réxime as parroquias que forman o concello pertenceron á xurisdición de Cedeira (señorío do Conde de Lemos) e á de San Sadurniño (señorío do Marqués de San Sadurniño). En 1812, debido á proclamación da Constitución que supoñía a abolición do réxime señorial e a substitución por unha administración municipal, creáronse os concellos de San Sadurniño e Naraío. Pero a derrogación desta Constitución por Fernando VII en 1823 produce a restauración do réxime señorial e polo tanto a supresión destes concellos. Finalmente en 1835 produciuse a definitiva recuperación do municipalismo coa formación do concello de San Sadurniño.

ESPAZOS NATURAIS

FORGOSELO

Serra que pertence ademais do Concello de San Sadurniño ós de A Capela e As Pontes. Área natural protexida como Rede Natura 2000, nela pódese encontrar unha grande variedade de fauna e flora autóctona, así como restos arqueolóxicos (mámoas). Tódolos anos, a comezos do mes de xullo celébrase a tradicional "Rapa das Bestas".

PENA DO REI MOURO

Pico situado na parroquia de Igrexafeita, duns 400 metros de altitude, nel realízanse actividades de iniciación á escalada. Dende a súa cima, pódense observar excelentes vistas da comarca.

COTO AGUDO

Localizado na parroquia de Bardaos, é un pico que ten unha altura aproximada de 350 metros. Nos días claros pódese divisar unha ampla perspectiva:dende a Serra da Capelada (Cariño) ata a ría de Ferrol.

PICO DE SAN VICENTE

Ten unha altitude duns 355 m e pertence á parroquia de Ferreira. Dende o seu cume pódense contemplar o val do Xubia, Ferrol e a costa de Valdoviño. Ademais encontramos un sepulcro antropomórfico esculpido en rocha no mesmo pico. Este tipo de tumbas non son habituais na zona. Existe unha antiga lenda que di que orixinalmente se atopaba a ermida do santo ao lado desta rocha. Debido á inaccesibilidade ao lugar, os veciños decidiron trasladalo máis abaixo, á igrexa de San Paio. Ao santo non lle gustou o cambio e todas as noites subía á súa cama na rocha. Finalmente os veciños, cansados de subir a buscalo, decidiron encadealo na igrexa.

PASEO FLUVIAL

Construído en 2006, este paseo fluvial bordea o río Xubia ao seu paso pola parroquia de San Sadurniño. Ten unha lonxitude aproximada de 2 km ao longo dos cales pódese disfrutar dunha agradable paisaxe e de zonas aptas para o baño. Antigamente era coñecido como "Paseo das Infantas", en honra a dúas nenas da familia Andrade. Hoxe coñécese como "Paseo da Marquesa", xa que un tramo pertence ós xardíns orixinais do pazo.

RIOS

O río máis importante do municipio é o río Grande de Xubia, que cruza o concello polo centro e xunto cos seus afluentes, entre os que destaca o Castro, recolle as abundantes augas dos montes do leste e sur. A dirección que presenta esta rede fluvial é leste-oeste. Os ríos Xubia e Castro destacan polo seu valor natural, ecolóxico e paisaxístico, configurando o Lugar de Interese Comunitario de Xubia-Castro. Cunha extensión de 2074ha. e unha altitude media de 407m. está declarado pola Xunta de Galicia como Espazo Natural en Réxime de Protección Xeral.

PATRIMONIO HISTÓRICO

CASTELO DE NARAÍO

O Castelo de Naraío data do século XIV. Porén, crese que os restos que hoxe podemos ver son en realidade producto da remodelación dunha fortaleza moito máis antiga. O castelo atópase na marxe dereita do río Castro, ergueito a uns 300 metros de altitude sobre un xigantesco penedo que nalgúns lugares mesmo forma parte dos maxestosos muros.

Se ascendemos pola rocha, habemos atopar restos de ata tres murallas perimetrais que noutro tempo convertían o castelo nunha fortaleza inexpugnable e ben doada de gardar desde calquera punto. A parte alta do rochedo presídea a Torre da Homenaxe, á que se chega despois de cruzar dúas portas cun arco oxival nas que aínda se aprecia o escudo de armas dos Andrade. A torre aínda conserva o porte desafiante que debeu ter hai séculos. Arredor da torre hai restos doutras dependencias que se repiten na seguinte liña de muro, onde se atoparon importantes restos arqueolóxicos como moedas e anacos de cerámica.

Sen dúbida, a vista máis impresionante do conxunto obtémola desde o outro lado do río. Subindo polo camiño do Saíme uns 150 metros poderemos apreciar anacos dos antigos muros, das torres e dos contrafortes, formando, pola ladeira do montículo, unha estructura en forma de estrela que dificultaba a circunvalación exterior.

Os bloques de granito cos que está construído son dun corte milimétrico e están asentados uns sobre dos outros con grande mestría malia a dificultade que debeu supoñer traballar nun terreo tan abrupto. A súa situación estratéxica, a singularidade do seu enclave, a súa adaptación ao medio e a fermosura de toda a zona, fan do Castelo de Naraío un dos mellores exemplos da arquitectura defensiva medieval. O que noutro tempo representou protección, submisión e vasalaxe, hoxe é un punto de atracción turística cun grande potencial que vai aumentando pouco a pouco grazas aos traballos de rehabilitación que se desenvolven na fortaleza.

CONVENTO DO ROSARIO

Na súa orixe foi un antigo hospital e igrexa dos cabaleiros da Orde Templaria. Tras varios cambios, en 1576 quedou constituído como convento da Orde de Santo Domingo. Actualmente atópanse nel as instalacións da Casa Consistorial, da Garda Civil e a casa do cura. Destaca o claustro, de reducidas dimensións, con sete arcos de medio punto en cada lado e un xardín central. No exterior consérvase unha parte da horta, vellos castiñeiros, unha fonte á que se accede por unha fermosa escalinata, parte do muro que cerraba a finca, un hórreo e un cruceiro.

PAZO DOS MARQUESES

Os Marqueses de San Sadurniño, vasalos dos señores de Andrade, mandaban xustiza por encima dos concellos da comarca dende este pazo, situado na parroquia de San Sadurniño, ao pé da estrada AC-862. Posteriormente pasou a ser señorío dos Lemos e finalmente dos propios marqueses. En 1953 a VII Marquesa de San Sadurniño morreu sen descendencia e a edificación foi cedida a unha orde relixiosa que a adicou a escola-fogar. Ao longo da súa historia, o pazo foi vítima de diferentes reformas e nos últimos anos entrou nunha fase de abandono. Do edificio do pazo consérvanse un fermoso claustro columnizado e dous escudos nas esquinas da torre. Actualmente este edificio está en desuso, aínda que se conserva parte dos seus xardíns, que están abertos ó público.

PATRIMONIO CIVIL

ESCOLAS INDIANAS

Son múltiples as obras que os emigrantes despregaron no campo da educación en Galicia, sendo a fase de maior expresión arredor dos anos finais do século XIX e primeiro terzo do XX.

Na parroquia de Ferreira existen dúas antigas escolas rehabilitadas pólo concello, e hoxe en día de uso municipal. Ambas foron inauguradas no ano 1915 grazas á Sociedad Pro-escuelas de Arxentina. Estas dúas escolas son: Seara Escuela de Buenos Aires e Escuela de A Leiriña.

PONTE DA FERRERÍA

Lacalizada na parroquia de Naraío, que ao igual que o castelo foi construída no século XIV, pertencía á familia Andrade. Esta ponte serviu de excelente vía de comunicación na época e como fonte de recursos económicos para o señorío debido ós impostos que cobraba polo seu uso. Xunto á ponte obsérvase un gran oso de pedra, un dos símbolos dos Andrade, que se sacou do río.

MUÍÑO DA FAMILIA MERA

Situado na parroquia de San Sadurniño, engloba vivenda e muíño na mesma construción. Posúe tres moas probablemente cada unha de elas dedicada a un tipo de gran distinto.

FONTE DE SAN PAIO

Fonte composta de dous cabezais de pedra adicados a San Paio e á Virxe de Pastoriza, que está situada preto da igrexa de Ferreira. Antigamente tiña dous caños, un para cada devoción.

HÓRREOS

Os hórreos predominantes no concello son os de tipo cabanas (rectangulares) e de cantería. Están cubertos de lousa a catro augas, carecendo de remates.

Elemento singular de pozo artesán en Naraío.

FONTE DE SAN ROQUE

No entorno da igrexa de Naraío atópase esta fonte de cantería composta por unha pía de pedra sobre a que se colocou unha furna coa figura de San Roque.

PATRIMONIO RELIXIOSO

IGREXA DE SAN SADURNIÑO

Edificio do século XVIII pero de orixe gótica, época da que se conserva só a capela maior, no resto predominan as características barrocas. Formou parte ata 1835 do convento do Rosario. A súa planta é de cruz latina e no seu interior contén tres sepulcros con estatuas xacentes, cos seus epitafios en letra gótica, baixo arcos de medio punto onde se atopan os escudos de armas da casa de San Sadurniño.

IGREXA DE IGREXAFEITA

De estilo gótico aínda que con reformas do século XX. A súa planta é rectangular formada pola nave principal, á que se lle engadiron a capela e a sancristía. A fachada principal foi modificada no século XX por mor da construción dunha torre campanario de considerables dimensións. Cabe resaltar o retablo barroco, interesante pola súa policromía.

IGREXA DE SANTA MARÍA DE NARAÍO

Igrexa rematada no século XVIII, na que o estilo predominante é o barroco. Algúns autores afirman que este edificio pertence ao século XI. Na actualidade e debido ás modificacións sufridas ó longo dos séculos apenas conserva vestixios do período románico. A súa planta é de cruz latina con nave principal, dúas capelas laterais e sancristía.

IGREXA DE LAMAS

Edificio de estilo barroco de planta rectangular con única nave e presbiterio. A fachada principal ten apegada unha pequena torre campanario.

IGREXA DE SAN PAIO DE FERREIRA

Construción de estilo barroco, de planta rectangular cunha única nave, presbiterio e sancristía. O edificio presenta gran sinxeleza e sobriedade.

IGREXA DE SANTA MARÍÑA DO MONTE

Pequena igrexa barroca de tipoloxía rural moi difundida pola comarca. Posúe unha planta rectangular con única nave e sancristía. O acceso ó campanario é exterior, algo pouco común nas igrexas da zona.

IGREXA DE SANTA MARÍA DE BARDAOS

Da época barroca, posúe un planta rectangular cunha soa nave e presbiterio. A fachada principal é extremadamente sobria e o seu campanario, situado no centro da mesma, está sostido por unha base rectangular.



ARTESANÍA

En San Sadurniño hai grandes mostras do que é a artesanía popular.

Coiro e cerámica: créanse orixinais pezas, coma elementos de bixutería, utensilios para velas, figuras, macetas e decoración, con distintos materiais segundo os diferentes deseños.

Lá: despois dun longo proceso de tratamento do material, créanse prendas entre as que destacan mantas de viaxe, alfombras, colchas, chaquetas, calcetíns e bolsos, entre outras. Estas creacións pódense ver en diversas mostras.

Labores tradicionais: podemos encontrar persoas que foron zoqueiros, ferreiros, cesteiros, etc... e aínda que hoxe en día a xente nova non vive destes labores, todavía quedan algúns que coñecen estes oficios.

OCIO E DEPORTE

ROTAS

Naraio: 20 kms. Dificultade media. Lugar de partida: Eirixado. No seu percorrido veremos a igrexa e a fonte de San Roque. Subimos cara Quintiá e chegamos a Racamonde (pico máis alto de San Sadurniño con 540m.) na Serra do Forgoselo. Empezamos a baixar ata o río Castro ao lugar da Fraguela, chegando ó castelo logo de 2 kms. Baixamos por unhas escaleiras que nos levan ata a central eléctrica. Continuamos ata unha ponte para coller un camiño á dereita que nos conducirá ós lugares de Batán e Pielas. Tomamos dirección Ferrería e chegamos ó lugar da Bola para acabar no Eirixado.

Bardaos: esta rota pasa por tres concellos distintos en 8 kms. Vindo pola estrada Ferrol-Ribadeo collemos o desvío de"Bardaos, Cruz da Raíña" ata chegar ao lugar de As Loibas. Desde aquí collemos o camiño de pedra á dereita que leva a Vilela. Seguimos o camiño ata chegar ó cumio do Coto Agudo.

Río Aceiteiro: dende a Praza do Concello saímos con dirección á estrada San Sadurniño-Valdoviño ata a capela de Belén. Viramos á esquer-

da, pasando por Agra ata chegar xusto antes dunha pequena ponte onde hai un sendeiro que se desvía á dereita e que transcorre pegado ó río. Remontando o río polo camiño iremos atopando os restos dos muíños. Despois de chegar a unha ponte que atravesa a vía do tren chegamos ata os últimos muíños.

Pico de Ferreira: 4 kms. Dificultade media. Comeza xunto a igrexa de San Paio. Tomando o desvío indicado cara o lugar de Bidueiro e pasado este, á man dereita xorde unha pista de terra que leva ata o rueiro de O Pico. A partir de aquí só queda ascender ata o cumio.

Santa Mariña: 9 kms. Dificultade baixa. Saída do local social na Gulpilleira, pasamos polos lugares de Corripa e Lobeira en dirección Portonovo, punto no que atoparemos un monolito que divide os concellos de Narón, Valdoviño, e San Sadurniño. Continuamos ata Campo dos Nenos, e rematamos o percorrido de novo no local social.

Igrexafeita: a ruta comeza no Pozo de Lamas, e para chegar aquí pasaremos polos lugares de Fraguela e O Lombo. A súa dificultade é alta, e a súa distancia e de 2 km. A peculiaridade desta ruta é que transcorre a través de bosque atlántico. Remata no Lugar de Os Carboados.

Lamas: saída do local social hacia Ramil, xiramos á esquerda e pasamos pola área recreativa. No primeiro cruce á esquerda nos desviamos hacia Piagolongo. Pasamos por Felgosa e na primeira pista de terra xiramos á dereita dirección Ramil. En "Casa Barros" xiramos á dereita, cruzamos a ponte e chegamos ó local social. 5 kms. Dificultade baixa.

Área recreativa no muiño de Tembrás

PISCINA MUNICIPAL DE CORRÁS

Área de recreo e baño, situada na parroquia de San Sadurniño Dispón de piscina descuberta, parque infantil, barbacoas, mesas e bancos. Permanece aberta dende o 15 de xuño ata o 15 de setembro.

ÁREAS RECREATIVAS E CAMPOS DE FÚTBOL

Dentro do concello hai tres campos de fútbol: en Naraío, San Sadurniño (situado ao lado da piscina municipal) e Santa Mariña do Monte. En canto ás áreas recreativas todas as parroquias contan con unha.

FESTAS E TRADICIÓNS

FESTIVAL DO RÍO CASTRO:
Celébrase na parroquia de Naraío, ás marxes do río Castro, no lugar de A Bola, o primeiro sábado do mes de xullo. Este festival organizado pola A.VV. "O Castelo de Naraío" , naceu no ano 1994 co desexo de promocionar e difundir a cultura galega; ademais de ser un xeito de reivindicar a preservación do río e do patrimonio histórico como o Castelo, situado augas arriba. Neste festival conflúen as actividades lúdicas e musicais coa gastronomía popular.

FESTA DA CHANFAINA:
Ten lugar na parroquia de Igrexafeita no mes de marzo para exaltar a chanfaina, embutido feito coas tripas grosas do porco recheas con carne e vísceras de porco e outros ingredientes coma sangue, arroz, especias, etc. Esta actividade está organizada pola A.VV. "Adiante".

SAN PIPOTE:
Festa organizada pola A.C.D "San Pipote", e celebrada no mes de setembro na parroquia de Bardaos, que consiste principalmente nunha procesión dun barril de "kalimotxo" de 200 litros que se reparte gratuitamente entre os asistentes, e na realización de xogos populares.

FEIRA DA PLANTACIÓN

Dende 1996 celébrase na parroquia de San Sadurniño o último domingo do mes de abril.A Asociación "Bidueiro" organiza esta feira co obxectivo de fomentar o amor ás plantas. Nela participan viveiristas e diversos empresarios deste sector. Paralelamente impártese unha conferencia sobre un tema relacionado con esta actividade. Coma agasallo tódolos asistentes reciben unha planta e unha revista editada pola asociación organizadora.

FEIRA DE ARTESANÍA E DEGUSTACIÓN DE CARRILLEIRAS

Organizada pola Asociación de Veciños de Lamas, esta feira trata de lembrar e dar a coñecer a artesanía tradicional da zona. As carrilleiras son a parte carnosa da papada do porco, un bocado moi tenro nas súas distintas preparacións. Celébrase o último domingo do mes de agosto.

FESTAS PATRONAIS

Santa Isabel (San Sadurniño): 2 e 3 de Xullo.
San Cristobo (Ferreira): principios de Xullo
San Paio (Ferreira): finais de Xuño
San Vicente (Ferreira): 22 de Xaneiro
Nosa Señora do Carme (Lamas): 16 de Xullo
Santa Mariña (Monte): 18 de Xullo
San Roque (Naraío): mediados de Agosto
Santa María (Bardaos): mediados de Setembro
Santa Mariña (Naraío): 18 de Xullo
Nosa Señora do Viscordel (Igrexafeita): mediados de Setembro
A Portela (San Sadurniño): finais de Agosto
Santo Estevo (Camiño Arriba-Lamas): finais de Xullo

RESTAURACIÓN

BARES E CAFETERÍAS

Café- Bar Atrium (San Sadurniño)
Café- Bar Palacio (San Sadurniño)
Café- Bar Calvo (San Sadurniño)
Café- Bar Santos (San Sadurniño)
Café- Bar Lembranza (Lamas)
Café- Bar Carlos (Lamas)
Café- Bar Paco (Bardaos)
Café- Bar Marcial (Bardaos)
Café- Bar Xaida (Igrexafeita)
Café- Bar A Chabola (Ferreira)
Café- Bar O Campo (Naraío)
Cafetería Inxerto (San Sadurniño)

CASAS RURAIS

Casa Rural Outeiro
Outeiro, s/n San Sadurniño.
Teléfono: 981490269
www.casaouteiro.es.vg

Hotel Rural Muíño do Castelo
Lugar de Río Limpo, Naraío.
Teléfono: 981491079

SALA DE CONCERTOS

DZINE (San Sadurniño)
Música ao vivo
ivansanjurjo@hotmail.com

MESÓNS

Mesón "A Granxa" (San Sadurniño)
Parrillada • Tel. 981 49 02 12

Mesón "O Ferrador" (San Sadurniño)
Tapas • Tel. 676 78 17 32

Restaurante-Parrillada "Riboira" (Lamas)
Parrillada • Tel. 981 49 01 57

"Casa Manolo" (Monte)
Bacallao á prancha e chuletón • Tel. 981 49 03 20

Mesón "Os Cazadores" (Monte)
Churrasco • Tel. 981 49 06 01

"Casa Casal" (Igrexafeita)
Comidas caseiras • Tel. 981 49 01 51

"Casa Eladio" (Naraío)
Cochinillo asado • Tel. 981 49 12 47

Colaboracións:
A.VV. O Castelo de Naraío
A.VV. Adiante de Igrexafeita
A.VV. Xuntanza de Lamas
A.VV. Santa Mariña
A.C.D.M. Bidueiro
A.C.D. Cofradia de San Pipote
www.bardaos.org
www.sansadurnino.org
www.euroeume.org

Textos:
Sandra Arnosa Torrente
Rita López Pardo
Zoraida Meizoso Rodríguez
Brais Romero Breijo
Lucía Sanmartín Álvarez

Fotografías:
César Galdo Paz
Fran Nieto

Deseño:
Cormorán Produccións Gráficas

Dep. Legal: C-

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Turismo